



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO DE APROBACIÓN DAS MEDIDAS PARA ADOPTAR NOS CENTROS DE TRABALLO MUNICIPAIS CON MOTIVO DO COVID-19

EXPEDIENTE: 2020/G003/000310

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A situación xerada pola evolución do coronavirus Covid-19 supuxo a adopción de medidas de contención extraordinarias polas autoridades de saúde pública que inclúen, entre outras, o peche de centros educativos e de atención a persoas maiores. Adicionalmente requírese a adopción doutras medidas que aúnen a protección da saúde das empregadas e empregados públicos coa adecuada prestación dos servizos públicos.

SEGUNDO. A providencia de inicio do expediente 2020/X999/000243, de medidas no Concello de Betanzos con motivo do Covid-19, de María Barral Varela, do 12 de marzo de 2020.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os centros de traballo deben coñecer os protocolos e procedementos de saúde pública para poder manter a continuidade da actividade coas garantías suficientes. No devandito marco, e en atención ás medidas adoptadas polas autoridades sanitarias, faise imprescindible, para garantir a prestación dos servizos públicos, a aprobación da presente Resolución con carácter extraordinario.

SEGUNDA. As presentes medidas de carácter organizativo, ditadas ao abeiro das competencias en materia de función pública, terán o carácter temporal que determinen as indicacións das autoridades competentes e adóptanse de conformidade co disposto nos

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

TERCEIRA. As previsións contempladas na presente Resolución establécense sen prexuízo da suxeición de todo o persoal ás necesidades do servizo e da súa disposición, cando se lles requira, para a prestación dos servizos públicos encomendados ao Concello.

Primeira. Situación de illamento

Tomaranse as medidas necesarias para que o persoal ao servizo da Administración municipal, de acordo co establecido pola Administración xeral do Estado, que estea en situación de illamento por motivo do Covid-19, continúe percibindo durante o tempo que permaneza nesta situación o cento por cento das súas retribucións.

Segunda. Medidas polo peche de centros educativos ou de maiores.

Para o persoal municipal que teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vexa afectado polo peche de centros educativos ou de maiores, serán de aplicación as seguintes medidas, polo tempo que as autoridades competentes determinen e de acordo coas instrucións dos seus respectivos órganos de persoal:

a) Flexibilización da xornada laboral sen suxeición aos límites previstos na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre xornada e horarios de traballo do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e os seus organismos públicos, de aplicación subsidiaria.

b) No caso de que sexa imprescindible, permitirase a permanencia do persoal no seu domicilio, e terá a consideración de deber inescusable de conformidade co disposto no artigo 48 j) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

c) No caso de que ambos os proxenitores ou responsables da persoa maior dependente teñan a condición de persoal municipal, non poderán gozar destas medidas simultaneamente.

Terceira. Atención ao público

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Nos servizos de atención ao público priorizarase a atención telefónica e telemática. Para o caso de atención presencial, estableceranse, se fose necesario, as quendas imprescindibles para garantir a prestación do servizo.

Cuarta. Reunións

Na medida do posible evitanse as reunións de traballo, e disporase, en todo caso, a suspensión daquelas que impliquen desprazamentos a outra localidade. Así mesmo, fomentárase o uso da videoconferencia.

Quinta. Cursos e actividades formativas

As unidades responsables da organización de cursos e actividades formativas de carácter presencial posporán estes, e valorarase a utilización de medios telemáticos como alternativa, cando iso resulte posible.

Sexta. Probas selectivas

O órgano convocante de cada proceso selectivo en curso deberá pospor, polo tempo imprescindible, a realización de probas selectivas, especialmente aquelas de concorrencia masiva, e garantirase en todo caso a continuidade dos procesos, agás aqueles relacionados coas medidas adoptadas para a contención do COVID-19.

Sétima. Viaxes

Recoméndase pospor todas aquelas viaxes de traballo que non sexan imprescindibles para a normal prestación de servizos esenciais.

Oitava. Modalidades non presenciais de traballo

Nos supostos debidamente xustificadas permitirase modalidades non presenciais de traballo, logo da autorización as persoas titulares das concellarías delegadas para garantir a prestación dos servizos públicos. Naqueles departamentos que xa teñan implantada dita modalidade de prestación do servizo manteranse vixentes as condicións previstas no devandito réxime.

Novena. Efectos

A presente Resolución producirá efectos desde o momento da súa sinatura.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).





Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Visto todo o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e de conformidade cos artigos 55 e 56 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e o artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte instrución de carácter obrigatorio.

SEGUNDO. Darlle traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación especialmente a Secretaría para que realice o seu informe oportuno e se poida decidir sobre o recurso presentado, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

O secretario (Asinado para os efectos do art. 3.2 do Real decreto 128/18, do 16 marzo)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).